

Achegas para un diccionario equino galego

Fernando Groba Bouza¹; Antón Vázquez Corral²

Recibido: 19 de febreiro de 2016 / Aceptado: 27 de setembro de 2016

Resumo. Este estudo achega 183 termos relacionados co sector equino galego, que foron recollidos nun estudo de campo realizado por toda a xeografía galega durante tres anos e compara as voces recollidas con dúas obras de referencia na lexicografía e na terminografía galegas actuais. Ademais, esta mostra léxico-terminolóxica contén datos sobre a súa distribución xeográfica –amosando puntos importantes de concentración–, sobre as categorías gramaticais máis ou menos rendibles e dos campos semánticos máis produtivos nesta lingua de especialidade. As palabras que forman o pilar fundamental deste traballo posúen o valor engadido de iren acompañadas de cadansúa definición, da especificación do lugar e a data de recollida, dun contexto de uso e dunha fotografía ilustrativa.

Palabras chave: Terminoloxía; lexicoloxía; terminografía; lexicografía; vocabulario equino.

[es] Aportaciones para un diccionario equino gallego

Resumen. Este estudio aporta 183 términos relacionados con el sector equino gallego, que fueron recogidos en un estudio de campo realizado por toda la geografía gallega durante tres años y compara las voces recogidas con dos obras de referencia en la lexicografía y en la terminografía gallegas actuales. Además, esta muestra léxico-terminolóxica contiene datos sobre su distribución geográfica –enseñando puntos importantes de concentración–, sobre las categorías gramaticales más o menos rentables y de los campos semánticos más productivos en esta lengua de especialidad. Las palabras que forman el pilar fundamental de este trabajo poseen el valor añadido de ir acompañadas cada una con su propia definición, con la especificación del lugar y la fecha de recogida, de un contexto de uso y de una fotografía ilustrativa.

Palabras clave: Terminología; lexicología; terminografía; lexicografía; vocabulario equino.

[en] Contributions to a Galician Equine Dictionary

Abstract. This study provides 183 terms related to the Galician equine sector, collected in a field study conducted all over Galicia for a time span of three years. These terms will be compared to two reference works on current Galician lexicography and terminography. In addition, this terminographical and lexicographical study contains data on the geographical distribution of the said terms as well as grammatical categories and their semantic fields. The words that form the cornerstone of this work come with their own definition, where and when they were collected, an example of usage, and an illustration.

Keywords: Terminology; Lexicology; Terminography; Lexicography; Equine Vocabulary.

Sumario. 1. Introducción. 1.1. O corpus e os informantes. 1.2 Dous apuntamentos sobre o gando equino en Galicia e a súa relación coa lingua escrita, 1.3 O DRAG e o VMACV. 2. O corpus. 3. Conclusións. 4. Referencias bibliográficas. 5. Créditos das imaxes.

Como citar: Groba Bouza, F.; Vázquez Corral, A. (2016): “Achegas para un diccionario equino galego”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 19, 79-112.

¹ Universidade do Minho, Centro de Estudos Galegos.
E-mail: fergroba@ilch.uminho.pt

² Asociación de Criadores de Cabalos de Pura Raza Galega, Dirección técnica.
E-mail: puraga@puraga.es

1. Introducción³

Este estudo achega unha colectánea de case duascentas palabras que se refiren ao ámbito equino-cabalar galego, unha linguaxe de especialidade que atinxe, desde hai séculos, a un amplo abano de profesionais que tratan e viven con estes animais en galego (veterinarios, criadores, simpatizantes, xinetes, amazonas, coidadores, tratantes, carniceiros, domadores, condutores de carruaxes e ferradores). Para alén diso, comproba se os termos están presentes ou ausentes en dúas importantes obras terminoloxicográficas da lingua galega actual, a fin de valorar a importancia da achega presentada.

Ao mesmo tempo, trataremos de ver se hai algunhas variables que poidan resultar interesantes e útiles para avanzar no traballo desta área de coñecemento.

1.1. O corpus e os informantes

O corpus co que traballamos foi creado a partir dunha serie de termos que recolleu Antón Vázquez Corral, veterinario e director técnico da Asociación de Criadores de Cabalos de Pura Raza Galega (Puraga) e que el considerou interesantes e necesarios para un manexo eficiente e acertado do argot equino galego que a el lle axudou e axuda a atender mellor as peticións das persoas que, no día a día, requiren os seus servizos.

Estes vocábulos foron recompilados *in situ* directamente da fala dun total de 25 persoas, que forman o total de informantes desta pescuda. Pouco a pouco, durante tres anos, Antón foinos apuntando nun traballo de campo regular e recollendo para unha base de datos⁴. Dese total de 25 profesionais equinos, vinte e tres eran homes e dúas mulleres. Segundo a idade, cinco tiñan menos de 50 anos, trece entre 45 e 50, e sete máis de 50. A súa dedicación laboral, case na súa totalidade, era gandería profesional, agás algunha excepción de alguén que traballaba no sector secundario en ocupacións como a construción. No que respecta ao seu nivel medio de estudos, todas as persoas se situaban nun grao medio-baixo ou baixo.

1.2. Dous apuntamentos sobre o gando equino en Galicia e a súa relación coa lingua escrita

Galicia é unha das comunidades autónomas do Estado español que posúe un maior número de explotacións e máis cabezas de gando equino, segundo un estudo do Ministerio de Agricultura sobre o sector equino en España, que achega datos dos oito últimos anos (Subdirección General de Productos Ganaderos 2014).




Gráfico 1. Número de explotacións de equino en España por CC.AA.




Gráfico 2. Censo de équidos en España por CC.AA.

No gráfico 1⁵, por exemplo, podemos observar como Galicia se sitúa case na dianteira en número de explotacións, con 18.628 unidades, nin máis nin menos que o 10,1% de todo o Estado. No gráfico 2, que se refire ao número total de équidos, Galicia ocupa o terceiro posto con 46.628 cabezas, conformando o 7,4% de toda España. Cómpre sinalarmos tamén que, neste incremento dos censos, incidíu directamente a obrigatoriedade de identificar os

³ Agradecemoslle enormemente a axuda e os consellos que nos prestou o profesor da Universidade de Vigo Alexandre Rodríguez Guerra.

⁴ Usamos un modelo de base de datos que nos facilitou hai uns anos o terminólogo Xusto A. Rodríguez Río. Dende aquí, enviámoslle o noso agradecemento máis encarecido.

⁵ Os gráficos 1 e 2 son de elaboración propia cos datos do REGA (*Registro general de explotaciones ganaderas*) do 01/06/2014.

animais e as explotacións para cumprir coas normativas europeas e que, malia as masivas campañas de identificación da Administración, consideramos que aínda fican algúns centos de équidos sen marcar.

Por outra banda, as liñas ascendentes dos gráficos 3 e 4 (elaborados tamén con datos do mesmo estudo e que mostran as evolucións tanto das explotacións coma dos equinos nos últimos oito anos en Galicia) dan fe da importancia deste sector económico e cultural, a pesar da caída que o censo padeceu nos anos 2012 e 2013 nos que perdeu un total de 18.957 unidades.




Gráfico 3. Evolución do censo das explotacións de gando equino en Galicia




Gráfico 4. Evolución do censo equino en Galicia

Se a todo isto lle engadimos o censo de 122 clubs hípicas que ten rexistrados a Federación Hípica Galega no seu sitio web, as decenas de curros (Pose 2003), feiras e a infinidade de actividades lúdico-deportivas que se realizan todos os anos, poderemos comezar a valorar verdadeiramente a importancia social e económica que posúe este sector en Galicia.

A pesar destas cifras e destes indicadores positivos, o equino foi un sector que pasou practicamente desapercibido para a lingua galega na súa versión escrita e, xa que logo, lexicográfica e terminolóxica. É verdade que

a inmensa maioría das persoas que adoito se dedican a este mundo fala galego e que o *Vocabulario de morfoloxía, anatomía e citoloxía veterinaria* que coordinou Xusto A. Rodríguez Río (2008) foi unha achega importante a este ámbito; agora ben, toda esta riqueza oral nunca foi obxecto exclusivo dun estudo filolóxico, con todo o que isto significa.

1.3 O DRAG e o VMACV

O *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG), na súa versión en liña, e o *Vocabulario de morfoloxía, anatomía e citoloxía veterinaria* (VMACV) foron os dous prontuarios término-lexicográficos que empregamos para comprobar a coincidencia e a diverxencia co noso corpus.

O DRAG é un dicionario de lingua xeral con máis de 53.000 entradas. Está elaborado por unha autoridade normativa, o que lle confire unha importancia considerable. Ademais, ata hai ben pouco, era o único dicionario en galego de libre acceso na internet. Unhas e outras características fixérono interesante para o noso estudo.

Pola súa parte, o VMACV é unha obra estritamente terminográfica que conta cun total de 2.715 entradas dun campo de estudo concreto: morfoloxía, anatomía e citoloxía veterinaria. É un compendio que practicamente só recolle substantivos e adxectivos; nós só rexistramos 1 verbo pronominal e unhas 8 frases preposicionais. Alén diso, está feito por especialistas de recoñecido prestixio nos temas que aborda.

Para a nosa pescuda, no DRAG, procuramos todas as palabras do corpus, mentres que no VMACV, só os substantivos e adxectivos que tiñan que ver cos campos semánticos que trata.






2. O Corpus

A táboa de datos que expoñemos a continuación recolle un total de 183 termos. A información que achega está distribuída da seguinte maneira: a primeira columna amosa o termo rexistrado en letra negra; debaixo, a indicación da súa presenza ou ausencia no DRAG e no VMACV (entre corchetes, consignamos o número de entrada que corresponde no VMACV) así como os sinónimos, antónimos e palabras coas que pode estar relacionado directa ou indirectamente. Algúns dos termos rexistrados van

acompañados da forma estándar da que son variantes co propósito de enriquecelos e clarificalos. Na segunda columna, achegamos a categoría gramatical e a definición, elaborada a partir do que os informantes lles comunicaron ao Antón ou do que el intuía no contexto. Na terceira, o lugar e a data en que rexistramos o termo. Na cuarta, o contexto de uso no que se pode apreciar o que din as definicións. E, na quinta e última columna, achégase unha imaxe

ilustrativa de todos aqueles termos susceptibles de seren capturados polo obxectivo dunha cámara fotográfica coa intención de minimizar a incompreensión dos significados⁶.

As abreviaturas que empregamos son: *adx.* (adectivo), *s.* (substantivo), *m.* (masculino), *f.* (feminino), *pl.* (plural), *v.* (verbo), *l.adx.* (locución adjectiva), *l.s.* (locución substantiva), *l.v.* (locución verbal), *sin.* (sinónimo) e *ant.* (antónimo).

Termo	Definición	Lugar e data da recollida	Contexto	Ilustración
Abaiado DRAG: non VMACV: non Ver <i>baio</i>	<i>adx.</i> [Animal] con capa tirando a baio.	Mondoñedo (Lugo) 14/07/2012	Era unha egua pedresa abaiaada.	
Abrir DRAG: non	v. Poñer un cabalo a galopar.	Mondoñedo (Lugo) 03/05/2012	Ábrelle, ábrelle! Non quedas atrás... (Referido a un xinete que quedaba atrasado).	
Acintado DRAG: non VMACV: non	<i>adx.</i> [Animal] con liña de mulo ⁷ .	Mondoñedo (Lugo) 14/07/2012	Tiña un cabalo boísimo, baio, acintado, ancho de peito.	
Acornellar DRAG: si ⁸ Cf. <i>acurrar</i> e <i>chivar</i> Ver <i>cornello</i>	v. Arrinconar, acurrar as bestas cara a un recuncho concreto.	Friol (Lugo) 11/07/2011	Acornéllalle as bestas cara a ese lado do curro.	
Acurrar DRAG: si Cf. <i>acornellar</i> e <i>chivar</i>	v. Conducir o gando meténdoo nun recinto especialmente deseñado para el (curro). Tamén unicamente conducir o gando.	Mondoñedo (Lugo) 01/02/2011	Axúdame a acurrar as bestas. Ti vai por riba da finca para que saian por esta boqueira.	


⁶ Agás doce fotografías que foron de elaboración propia, as demais procurámonas a través do buscador de imaxes de Google. Por ese motivo, engadimos ao final do artigo os créditos das imaxes.

⁷ A *liña de mulo* é unha raia negra que comeza no rabo e acaba no inicio do pescozo e cruza o cabalo de diante a atrás por riba do lombo.

⁸ O DRAG define *acornellar* como 'Poñer nun curruncho [algo]'

Afalar DRAG: si Cf. <i>axotar</i>	v. Estimular un animal para que se mova nunha dirección.	Xove (Lugo) 01/02/2011	C1. Afálalle ti por ese lado. C2. (Falando das esporas) Eu afálolle só con unha.	
Agrear DRAG: non	v. Facer un semental unha grea xuntando femias.	Cotobade (Pontevedra) 28/12/2011	Ti sabes como agreaba aquel cabalo? Facía greas de 40 ou 50 bestas para el só.	
Alobado DRAG: non VMACV: non	<i>adx.</i> Mordido polo lobo, moitas veces quedalle este nome ao poldro	Muras (Lugo) 01/02/2011	Este ano o lobo matoume un poldro e outros deixounos alobados.	
Alobadura DRAG: non VMACV: non	<i>s. f.</i> A trabada ou cicatriz que queda despois da mordedura dun lobo.	Muras (Lugo) 02/03/2013	Iso que ten aí é unha alobadura? Non ves que ten sangue na pata de atrás?	
Aloitador DRAG: non	<i>s. m.</i> Persoa que suxeita e domina un cabalo empregando só as mans (sen cordas nin outras ferramentas e normalmente escóitase nas rapas) nas rapas das bestas de determinadas zonas xeográficas.	A Estrada (Pontevedra) 01/02/2011	Fixeron falla cinco aloitadores para deitar aquela poldra.	
Amormarse DRAG: non Ver <i>mormo</i>	v. Enfermarse en xeral (non unicamente coller papeiras ou mormo).	Mondoñedo (Lugo) 18/10/2014	Na feira, moitos cabalos amórmanse.	
Amoscarse DRAG: non	v. Permanecer inmóviles durante as horas de calor, normalmente en lugares coñecidos como mosqueiros. Moitas veces a postura é de cabeza contra o rabo dos outros para espantárense as moscas mutuamente, xa que, nestas horas, a actividade das moscas é máxima.	Ortigueira (A Coruña) 10/08/2011	A esta hora é difícil dar cos poldros porque estarán por aí amoscados e non se deixan ver.	<i>Ver mosqueiro</i>
Amougado (var. amoucado) Ver <i>amormarse</i> e <i>mormo</i> DRAG: aparece <i>amoucado</i> ⁹ , <i>amoucar</i> , <i>amoucarse</i>	<i>adx.</i> Triste, posiblemente enfermo.	Ortigueira (A Coruña) 15/09/2011	Esa besta está un pouco amougada.	

⁹ O DRAG recólle como participio de *amoucar* que define como 'Facer, unha enfermidade, unha molestia, un suceso desgraciado etc., que [alguén] se sinta sen enerxías ou sen ánimo e adquira un aspecto triste e apagado'.

Aparellar DRAG: non	v. Poñer os aparellos, sela, rendas, a un animal.	Pontevedra (Pontevedra) 28/04/2012	Temos que aparelar a besta mansa.	
Apigado DRAG: non Sin. <i>empiegado</i> Ant. <i>despiegado</i> Ver <i>piega</i>	<i>adx.</i> Cunha piega na pata.	Muras (Lugo) 15/09/2011	Esa besta, a que está apiogada, é malísima.	Ver <i>piega</i>
Apoltrado (var. apoldrado) DRAG: non VMACV: non	<i>adx.</i> [Animal adulto] semellante a un poldro fisicamente, polo pelo, proporcións, etc.	Tomiño (Pontevedra) 15/09/2011	O cabalo é un pouco apoltrado. Non é feo.	
Armarse DRAG: non	v. Empalmarse. Sacar o semental o pene do prepuccio cando está excitado.	A Pastoriza (Lugo) 27/03/2014	O poldro xa se arma.	
Arrabalada (var. arrabelada) DRAG: non VMACV: non Sin. <i>esmocheda</i>	<i>adx.</i> [Orella] coa punta cortada.	Muras (Lugo) 23/03/2011	Ten as dúas orellas arrabaladas.	
Asilvado DRAG: <i>silvado</i> ¹⁰ VMACV: non Ver <i>figado</i> , <i>silva</i> e <i>sisga</i>	<i>adx.</i> Cunha silva ou cunha fisga estreita máis ou menos longa.	Pontevedra (Pontevedra) 19/09/2014	Esta besta non serve para marcar de galega; é asilvada.	Ver <i>silva</i>
Atestado DRAG: non VMACV: non	<i>adx.</i> Animal coa cara branca. Cunha proporción bastante grande.	Cotobade (Pontevedra) 28/12/2011	Aquela besta atestado de aló.	
Atupinado DRAG: non VMACV: non ¹¹ Cf. <i>tupino</i> e <i>zopo</i> Ver <i>empuñar</i> e <i>zopo</i>	<i>adx.</i> [Animal] que ten un casco cun ángulo maior de 45 graos, demasiado vertical mais que non chega a ser tupino.	Meis (Pontevedra) 27/03/2011	A besta é moi mansa pero un pouco tupina dos pés de atrás, (...) non moito pero un pouco atupinada está.	

¹⁰ O significado que achega o DRAG para *silvado* é '[Animal] que ten unha mancha branca na fronte e no fociño'.

¹¹ Recolle *debruzado* [842] co significado de 'Anomalía de apromo que se manifesta en que o eixe podal ten 60° ou máis, a causa da retracción dos tendóns flexores'.

Aventar 1 DRAG: <i>ventar</i> ¹²	v. Ulir, percibir a través do olfacto.	Ribeira (A Coruña) 08/04/2014	As bestas aventaron as do monte Castelo e marcharon cara aló.	
Aventar 2 DRAG: si	v. Suxeitar unha besta polas ventás para inmovilizala.	Oia (Pontevedra) 08/06/2014	Aventámoscha para poñerlle o microchip?	
Axotar DRAG: si Cf. <i>afalar</i>	v. Asustar con voces e acenos [un animal] para que se vaia do lugar onde está.	O Rosal (Pontevedra) 03/07/2012	Hai que axotar as bestas para mandalas para alí.	
Baio DRAG: si VMACV: <i>pelaxe baia</i> [1977]	<i>adx.</i> [Cabalo, egua] de cor amarelada que varía do claro ao bronceado na cabeza, pescozo e tronco con crina, rabo e extremidades negras.	Mondoñedo (Lugo) 14/07/2012	Tiña un cabalo boísimo, baio, acintado, ancho de peito.	
Belida DRAG: si VMACV: non	<i>s. f.</i> Edema de córnea; lesión nun ollo que forma unha teiña branca na córnea.	Mondoñedo (Lugo) 11/06/2014	O cabalo non se vendeu porque o cliente desconfiou dunha belida que tiña no ollo.	
(Besta) á ganancia DRAG: non	<i>l. adx.</i> [Besta] que se lle presta a un mantedor para sacar poldros vendelos a medias.	Oroso (A Coruña) 01/12/2014	Esas son bestas á ganancia. Non son miñas. Eu simplemente son o mantedor.	
Besto DRAG: non	<i>s. m.</i> Poldro.	Muras (Lugo) 14/03/2011	Imos marcar aquel besto.	
Bucho DRAG: non	<i>s. m.</i> Fillo do burro e da burra.	Melide (A Coruña) 29/11/2011	A burra tiña un buchiño.	






¹² A segunda acepción que achega o DRAG para *ventar* é ‘Aplicar un animal o sentido do olfacto para percibir [algo]’.

Burra DRAG: non	<i>s. f.</i> Egua.	Tomiño (Pontevedra) 01/02/2011	Alí, naquela tomada, teño dúas burras máis.	
Burro DRAG: non	<i>s. m.</i> Cabalo.	Tomiño (Pontevedra) 01/02/2011	Temos que ir mirar un burro á casa do veciño.	
[Cabalo ou besta] de aparellos DRAG: non Sin. <i>[cabalo ou besta] de sela</i>	<i>l. adx.</i> [Cabalo ou besta] manso, que serve para montar, diferente do gando do monte.	Ortigueira (A Coruña) 29/11/2011	Ademais das bestas, teño dous cabalos de aparellos.	
[Cabalo ou besta] de sela DRAG: non Sin. <i>[cabalo ou besta] de aparellos</i>	<i>l. adx.</i> [Cabalo ou besta] manso, que serve para montar, diferente do gando do monte.	Ortigueira (A Coruña) 29/11/2011	Os cabalos de sela, téñoos na casa.	Ver <i>[cabalo ou besta] de aparellos</i>
Cabeceira DRAG: non Sin. <i>cabezada</i>	<i>s. f.</i> Utensilio de doma e manexo elaborado con corda ou cunha correa que se suxeita na cabeza dun equino para guialo ou prendelo.	Muras (Lugo) 30/11/2011	Poñémoslle a cabeceira?	
Cabezada DRAG: si ¹³ Sin. <i>cabeceira</i>	<i>s. f.</i> Utensilio de doma e manexo elaborado con corda ou cunha correa que se suxeita na cabeza dun equino para guialo ou prendelo.	Muras (Lugo) 30/11/2011	Trouxeches a cabezada para arriba?	Ver <i>cabeceira</i>
Cadillo DRAG: si ¹⁴ VMACV: non ¹⁵	<i>s. m.</i> Embigo dun poldro acabado de nacer formado pola parte que deixa o cordón umbilical; tamén para outros animais.	Mondoñedo (Lugo) 23/07/2014	Piseille o cadillo ao poldro recién nacido e infectóuselle.	
Calqueiro DRAG: non Sin. <i>mosqueiro</i>	<i>s. m.</i> Zona de descanso das bestas nas horas de mais calor.	Poio (Pontevedra) 23/07/2014	Busquei as bestas en todos os sitios, en todos os calqueiros.	
Cambeiro DRAG: non VMACV: non	<i>s. m.</i> Corte na orella para marcar animais. Elimínase un anaco nun lateral en forma de curva respectando a punta.	Muras (Lugo) 15/07/2014	A marca do meu tío era un cambeiro á dereita.	

¹³ O significado que achega a DRAG para *cabezada* é ‘Corda ou correa con que se prenden as bestas ou cabalarías pola cabeza’.




¹⁴ A terceira acepción que o DRAG recolle para *cadillo* é ‘Cordón umbilical’.

¹⁵ Aparece *cordón umbilical* [700].

<p>Cardiñeira DRAG: non VMACV: non</p>	<p><i>s. f.</i> Corte na orella coa finalidade de coñecer os animais. Consiste en cortar dende o ápice verticalmente e logo cara a un lado deixando algo semellante a un triángulo. Especificase se é á esquerda ou á dereita.</p>	<p>Muras (Lugo) 15/07/2014</p>	<p>A marca do meu pai era unha cardiñeira á esquerda na orella dereita.</p>	
<p>Careto DRAG: si¹⁶ VMACV: si [382] Sin. <i>fachado</i></p>	<p><i>adx.</i> [Animal] cunha mancha branca ancha ao longo da cara.</p>	<p>Mondoñedo (Lugo) 01/02/2011</p>	<p>Antes tiña un cabalo careto pero morreume hai dous anos. Agora teño este. É xeitoso pero o outro era máis tranquilo.</p>	
<p>Cativar DRAG: non Sin. <i>desgaxar</i></p>	<p><i>v.</i> Volverse cativa, delgada; enfracuecer.</p>	<p>Oia (Pontevedra) 11/06/2014</p>	<p>A burra comezou a cativar e este ano xa non a volvín ver.</p>	
<p>Chambrón DRAG: non VMACV: non¹⁷</p>	<p><i>s. m.</i> Articulación das extremidades posteriores situada entre a parte inferior da perna e superior da canela.</p>	<p>Mondoñedo (Lugo) 23/07/2014</p>	<p>Tiña unha ferida que lle baixaba ata o chambrón.</p>	
<p>Charneco DRAG: non</p>	<p><i>adx.</i> [Animal] de escasa calidade e fraco.</p>	<p>Ponteareas (Pontevedra) 11/06/2012</p>	<p>A onde vas ti con ese charneco que non se ten en pé?</p>	

¹⁶ O significado que ofrece o DRAG para *careto* é '[Animal] coa cara branca e o resto da cabeza escura'.







¹⁷ Aparece *bestra* [246, 1044, 1778, 1951, 2184, 2244, 2285].

Chivar DRAG: non Cf. <i>acornellar</i> e <i>acurrar</i>	v. Separar o gando de entre máis gando.	Muras (Lugo) 25/02/2011	(Dentro do curro) –Non as xuntes que logo hai que chivalas! –Non te preocupes. –Pois logo has de chivalas ti que eu non che axudo.	
Chocro DRAG: non Sin. <i>cosco</i>	s. m. Verme vermello que vive de forma parasitaria no intestino do equino e constitúe unha ameaza importante porque, ademais de dificultar a libre circulación dos alimentos, pode chegar a provocarlle un cólico.	Muras (Lugo) 14/03/2011	Logo de desparasitalos, botaban os chocros nas bostas.	
Cordón DRAG: non	s. m. Formación organizada xeralmente polos comuñeiros e amigos invitados por estes para coller a maior parte dos animais que pastan ceibos no monte coa finalidade de facer un curro.	Oia (Pontevedra) 09/05/2011	O meu home marchou. Foi facer o cordón para xuntar as bestas no curro.	
Cornello DRAG: non Ver <i>acornellar</i>	s. m. Lugar a onde se dirixe o gando para que non se mova del; pode ser un curro ou un recuncho do curro para vacinar as bestas ou facerlles os tratamentos fitosanitarios pertinentes.	Friol (Lugo) 11/07/2011	Pois <i>acornellar</i> significa ‘meter no cornello’.	Ver <i>acornellar</i>
Cosco DRAG: non Sin. <i>chocro</i>	s. m. Verme vermello que vive de forma parasitaria no intestino do equino e constitúe unha ameaza importante porque, ademais de dificultar a libre circulación dos alimentos, pode chegar a provocarlle un cólico.	Muras (Lugo) 14/03/2011	Tivemos que desparasitalos porque botaban coscos nas bostas.	Ver <i>chocro</i>
Cozarse DRAG: si ¹⁸	v. Fregarse ou rascarse un animal contra algo, inclúe unha persoa.	Ortigueira (A Coruña) 03/10/2012	O cabalo é manso, o defecto que ten é que anda querendo cozarse todo o tempo.	
Craveira ¹⁹ DRAG: si ²⁰	s. f. Burato que ten a ferradura para introducir o cravo e así suxeitala ao casco.	Brión (A Coruña) 10/08/2011	E fago as miñas ferraduras, pero completas eh! Con <i>claveiras</i> e todo.	

¹⁸ O DRAG define *cozarse* como ‘Fretarse coas uñas ou as mans ou pasando parte do corpo contra algo’.

¹⁹ Recollemos a forma castellanizada *claveira* formada sobre *clavo*. En galego é *craveira*.

²⁰ A segunda acepción que recolle o DRAG para *craveira* é ‘Buraco por onde se introduce o cravo, especialmente nunha ferradura’.

<p>Crinar DRAG: non Cf. <i>deseñar</i> Ver <i>rapa</i></p>	<p>v. Cortar as sedas, especialmente as da crina.</p>	<p>Mondoñedo (Lugo) 23/07/2014</p>	<p>Cantas bestas faltan por crinar?</p>	
<p>Cuarta DRAG: si²¹</p>	<p>s. f. Unidade de medida que se toma cos dedos polgar e maimiño que equivale a 21 centímetros. Referida neste caso á altura á cruz do cabalo.</p>	<p>Negreira (A Coruña) 10/04/2013</p>	<p>–Era un cabalo de sete menos cuarto, ou así. –Sete que? Dixen eu. –Sete cuartas, claro.</p>	
<p>Cuncha DRAG: non VMACV: non²² Cf. <i>sisga</i></p>	<p>s. f. Estrela. Mancha branca que ten o cabalo na testa dun tamaño maior ca o dunha sisga.</p>	<p>Viveiro (Lugo) 01/02/2011</p>	<p>O cabalo tiña unha cuncha bastante grande.</p>	
<p>Curro DRAG: si²³</p>	<p>s. m. Recinto especialmente deseñado para xuntar e agrupar o gando.</p>	<p>O Rosal (Pontevedra) 01/02/2011</p>	<p>Este é o curro onde os metemos.</p>	
<p>(De) dous pelos DRAG: non VMACV: non²⁴ Sin. <i>roano</i> Cf. <i>pedrés</i></p>	<p>l. adx. [Pelaxe constituída por pelos] de dúas cores, vermella e branca.</p>	<p>Ortigueira (A Coruña) 01/02/2011</p>	<p>–Eu tiña unha besta de dous pelos, malísima! Non había quen pasara ao seu lado. –De dous pelos? –Si, roano. Non sabes?</p>	
<p>Deseñar DRAG: non Cf. <i>crinar</i> Ver <i>rapa</i></p>	<p>s. m. Rapar as bestas cortándolles o pelo do rabo e da crina.</p>	<p>Porto do Son (A Coruña) 03/10/2012</p>	<p>Xuntámolas para marcalas e deseñalas.</p>	

²¹ A sétima acepción de *cuarto* no DRAG é como substantivo feminino e significa ‘Medida de lonxitude equivalente á cuarta parte dunha vara e que se corresponde coa distancia máxima existente entre o extremo do dedo maimiño e o do polgar, uns vinte centímetros aproximadamente’.

²² Aparece *estrela* [1078].

²³ O DRAG define *curro* na súa cuarta acepción como ‘Cerca de madeira ou de pedra onde se concentra o gando ceibo do monte, especialmente cabalarías e vacas’.

²⁴ Aparece *pelaxe bicolor* [1980].

Desferrar 1 DRAG: si ²⁵	v. Sacarlle as ferraduras a un cabalo unha persoa.	Mondoñedo (Lugo) 03/05/2012	Normalmente desférroo eu, despois vén o ferrador e volve ferralo.	
Desferrar 2 DRAG: non	v. Perder unha ferradura o cabalo. Pódese dicir como acción realizada polo xinete.	Mondoñedo (Lugo) 03/05/2012	Desferrei onte no saneamento.	
Desgaxar DRAG: si ²⁶ Sin. <i>cativar</i>	v. Adelgazar, perder as carnes.	Ourol (Lugo) 11/06/2014	A besta deu en desgaxar e logo morreu.	
Despalar DRAG: non Cf. <i>despechar</i>	v. Acción de cambiar os dous dentes incisivos centrais que indicaría que o animal se atopa entre os 2,5 e os 3,5 anos de idade.	Muras (Lugo) 06/09/2011	O cabalo vai para os catro anos que xa despalo.	
Desparasitar DRAG: non	v. Eliminar os parasitos, xeralmente aplicando un produto fitosanitario adecuado.	Muras (Lugo) 30/11/2011	Encabezámolas para desparasitais.	
Despechar DRAG: non ²⁷ Cf. <i>despalar</i>	v. Cambiar todos os incisivos [un animal].	Muras (Lugo) 01/02/2011	Aínda non despechou.	
Despiegado DRAG: non	<i>adx.</i> [Animal que se deixa] sen piegas; ceibo.	Mondoñedo (Lugo) 10/04/2013	Agora anda mirando todo e temos que ter as eguas despiegadas e así non hai quen as manteña. Ímonos desfacer de todo.	

²⁵ O DRAG define *desferrar* como 'Quitar as ferraduras a [un animal]'.




²⁶ A definición que dá o DRAG para *desgaxar* é '[Algo] diminuír no seu tamaño, altura, duración ou cantidade'.

²⁷ O DRAG non rexistra *pechar* pero si *despechar* cunha segunda acepción que define como '[Animal] acabar de botar os dentes'.

Divisa DRAG: non ²⁸ Sin. <i>reseñal</i>	<i>s. f.</i> Marca branca na cara ou nas patas.	Muras (Lugo) 15/09/2011	A besta non ten divisa nin reseña ningunha, vale para marcar.	
Empiegado DRAG: non Sin. <i>apiegado</i> Ant. <i>despiegado</i> Ver <i>piega</i>	<i>adx.</i> Cunha piega nunha pata.	Mondoñedo (Lugo) 06/03/2013	Aquel home tiña dúas bestas empiegadas e multárono.	Ver <i>piega</i>
Empunxar DRAG: non Cf. <i>cozarse</i>	<i>v.</i> Arrebolar, gañar a cebada. Deitarse sobre as costas e abanarse para rascarse e desparasitarse de forma natural un animal.	Muras (Lugo) 14/03/2011	O cabalo, con tanta corda, ha de empunxar e vai fodela sela (Referido a un cabalo atado moi longo a unha árbore).	
Empuñar DRAG: non Ver <i>atupinado</i> , <i>tupino</i> e <i>zopo</i>	<i>v.</i> Acción ou unha tendencia na que o animal pon os cascos verticais, semellando que son tupinos.	Ourol (Lugo) 27/03/2014	Parece que o cabalo empuña. A poldra parece que empuña un pouco	Ver <i>atupinado</i> , <i>tupino</i> e <i>zopo</i>
Encabezar DRAG: non Ver <i>cabeceira</i>	<i>v.</i> Poñer a cabezada a un animal.	Muras (Lugo) 30/11/2011	Encabezámolas para desparasitalas.	
Encaixelar DRAG: non	<i>v.</i> Enfermidade ou sintoma dos equinos por estrés na que a insuficiencia renal é a súa complicación máis grave. Rabdomiolise.	Muras (Lugo) 01/02/2011	Metemos as bestas no camiión e unha encaixelou.	
Encarnar DRAG: non	<i>v.</i> Estado avermellado ou ensanguentado que presentan as enxivas dos incisivos ou calquera dente xusto antes da súa caída.	Ortigueira (A coruña) 01/02/2011	O cabalo vai facer os tres anos, aínda non despalou pero está encarnando.	
Encartado DRAG: non ²⁹ VMACV: non Ver <i>entripado</i>	<i>adx.</i> Animal coa barriga metida para dentro cando está moi delgado.	San Cristovo de Cea (Ourense) 03/10/2012	Notábanselle as costelas todas e tiña a barriga encartada.	





²⁸ O DRAG dá como primeira definición para *divisa* 'Sinal que serve para distinguir unha persoa ou cousa'. É unha definición moito máis xeral cá que propoñemos.

²⁹ O DRAG recolle *encartar* cunha primeira acepción que di 'Facer que unha ou máis partes de [un obxecto flexible] queden sobrepostas a outra ou outras'.

Encolar DRAG: non Sin. <i>enrabar</i>	v. Atar un cabalo, xeralmente poldro, á cola da nai ou doutro animal que sexa quen de ramalear para levalo dun sitio para outro.	Mondoñedo (Lugo) 01/02/2011	O cabalo, se non che anda, encólalo á nai e xa está.	
Engrinar DRAG: non Cf. <i>enrazar</i> , <i>padrear</i> e <i>traballar</i>	v. Cubrir as bestas.	Muras (Lugo) 14/03/2011	O poldro xa empeza a engrinar, logo vai haber que separalo das nais.	
Enrabar DRAG: non Sin. <i>encolar</i>	v. Atar un cabalo, xeralmente poldro, á cola da nai ou doutro animal que sexa quen de ramalear para levalo dun sitio para outro.	Mondoñedo (Lugo) 01/02/2011	Enrabámolo á besta e xa verás como anda.	Ver <i>encolar</i>
Enrazar DRAG: non Cf. <i>engrinar</i> , <i>enrazar</i> e <i>traballar</i>	v. Criar e incluso transmitir determinadas características xenéticas.	Ourol (Lugo) 01/02/2011 Viveiro (Lugo) 01/02/2011	C1. Hai que xuntar as bestas nunha finca pechada e poñerlles un macho que enrace ben, como mínimo, no tempo da zafra. C2. Tiñamos un garañón merleño que enrazaba moi ben.	
Entrancar DRAG: non	v. Poñer unha tranca, piega, nunha pata do cabalo.	Muras (Lugo) 14/03/2011	Aquí xa non entran as bestas.	Ver <i>piega</i>
Entripado DRAG: non VMACV: non Ver <i>encartado</i>	<i>adx.</i> Animal coa barri-ga metida para dentro. Delgado.	San Cristovo de Cea (Ourense) 29/11/2011	Ese cabalo entripado, creo que non vai durar moito.	Ver <i>encartado</i>
Escadrilado DRAG: non ³⁰ VMACV: si ³¹ [877] Sin. <i>nefro</i>	<i>adx.</i> Cabalo cun óso isquion roto.	Gondomar (Pontevedra) 23/07/2014	Lémbreste daquel cabalo nefro que era mais malo que o demo? Si, aquel que era escadrilado.	
Escarlar DRAG: non	v. Dar cunha das patas dianteiras no chan. Como fan os touros.	Ortigueira (A Coruña) 14/03/2011	O cabalo non para de escalar en canto ve outro cabalo e, se é unha egua, non che digo.	

³⁰ No DRAG aparece *escadrilar* '[Persoa, animal] mancar-se nos cadrís'.



³¹ No VMACV *escadrilado* aparece como sinónimo de *neccio* e *dexemado*. No DRAG aparece tamén unha acepción de *neccio* como '[Animal] que ten un cadril afundido'.





Escobar DRAG: non	v. Facerlle a forma do casco ás piegas.	Brión (A Coruña) 03/10/2012	Buscas un salgueiro gallado e escóbbase por aquí para lle facer a forma do casco.	
Esmochada DRAG: non VMACV: non Sin. <i>arrabalada</i>	<i>adx.</i> [Orella] coa punta cortada.	Muras (Lugo) 27/03/2014	Ti non ves que ten as orellas esmochadas?	Ver <i>arrabalada</i>
Espichado DRAG: non Sin. <i>estacado</i>	<i>adx.</i> Atado a unha espicha.	Ferrol (A Coruña) 02/07/2013	Non me gusta ver os cabalos espichados.	
Espoltrar DRAG: <i>espoltrar</i> ³²	v. Abortar. Expulsar o feto antes de cumprir o tempo necesario para que sobreviva.	Xove (Lugo) 03/10/2012	Este ano, entre que as bestas que espoltraron e o lobo, non teño nada para vender.	
Estacado DRAG: non Sin. <i>espichado</i>	<i>adx.</i> Animal que permanece nun pasto sen cerca atado a unha estaca chantada no chan.	Ferrol (A Coruña) 01/02/2011	A besta sabe estar estacada.	Ver <i>espichado</i>
Faba DRAG: non VMACV: non	<i>s. f.</i> Tumor que se lles forma ás cabalarías no padal, inmediatamente detrás dos dentes incisivos que, cando ofrece problemas, debe ser recortado.	Guitiriz (Lugo) 09/02/2012	Tívenlle que cortar a faba.	
Fachado DRAG: non VMACV: non Sin. <i>careto</i>	<i>adx.</i> Careto.	Silleda (Pontevedra) 11/07/2011	Eu tamén teño gando deste no monte, pero claro: fachados, con cunchas, etc.	Ver <i>careto</i>
Fendida DRAG: non ³³ VMACV: non	<i>adx.</i> [Orella] que, despois de cortada dende a súa parte superior cara á inferior, queda conforma de V, máis ou menos marcada.	Muras (Lugo) 27/03/2014	Comprei dúas bestas coa orella fendida.	
Ferro DRAG: si ³⁴ Sin. <i>marco2</i>	<i>s. m.</i> Ferramenta de metal cun código alfanumérico ou simbólico que identifica a un criador que se quenta no lume e se emprega para marcar os animais queimándolles a pel.	Oia (Pontevedra) 01/02/2011	O ferro ten que estar ben quente.	

³² A definición que o DRAG ofrece para *espoltrar* é '[Femia, especialmente egua] abortar'.

³³ No DRAG aparece *fender* co significado de 'Separar [algo] en dúas partes mediante unha fenda' na segunda acepción.







³⁴ A terceira definición que achega o DRAG para *ferro* é 'Instrumento de ferro que se emprega para ferrar o gando'.

Fisga DRAG: non VMACV: non	<i>s. f.</i> Mancha branca alongada na testa.	Xove (Lugo) 10/09/2012	Comprei aquela besta que ten unha fisga.	
Fisgado DRAG: non VMACV: non Ver <i>fisga</i>	<i>adx.</i> Cunha mancha alongada na testa.	Muras (Lugo) 06/09/2011	Teño dúas bestas pintas e dúas fisgadas.	Ver <i>fisga</i>
Fondega DRAG: non VMACV: non	<i>s. f.</i> Cunca, burato que hai por riba da órbita ocular do cabalo.	Boqueixón (A Coruña) 06/03/2013	Xa pola fondega pódese saber o tempo que ten o cabalo. Nós, para que nonoubesen do que falabamos, diciámoslle o dobre ollo.	
Frocha DRAG: non VMACV: non Sin. <i>trocha</i>	<i>adx.</i> [Orella] mutilada parcialmente cun corte na cartilaxe que fai que permaneza dobrada.	Poio (Pontevedra) 24/08/2014	Non é esa, é a da orella frocha.	
Gallado DRAG: non VMACV: non Ver <i>galladura</i>	<i>adx.</i> [Cabalo] con galladura.	Ortigueira (A Coruña) 30/11/2011	A egua gallada está aló arriba.	Ver <i>galladura</i>
Galladura DRAG: non VMACV: non	<i>s. f.</i> Coloración diferente ao longo da cara, máis estreita que fachado ou careta e máis ancho que fisgado ou silvado.	Ortigueira (A Coruña) 30/11/2011	Quería a egua que ten a galladura.	
Grea DRAG: si Sin. <i>rancho</i>	<i>s. f.</i> Grupo de cabalos. Xeralmente composto por un macho, varias femias e poldros do ano.	Cotobade (Pontevedra) 01/02/2011	Había unha grea de trinta bestas.	
Griñar DRAG: non Sin. <i>iñar</i>	<i>v.</i> Tipo de rincho ou chío característico dos cabalos, monosilábico e breve (o típico que fan cando se ven dous animais que se descoñecen, primeiro úlense e logo iñar e danse unha patada ou salto cara atrás)	Ortigueira (A Coruña) 29/11/2011	Esa, ás veces, griña tamén.	

Guelfo DRAG: non VMACV: non ³⁵	<i>adx.</i> [Animal] que presente un problema de prognatismo no que a mandíbula inferior é moito máis curta que a superior.	Ferrol (A Coruña) 06/03/2013	O cabalo era guelfo e tiña problemas para comer.	
Iñar DRAG: non Sin. <i>griñar</i>	v. Tipo de rincho ou chío característico dos cabalos, monosilábico e breve (o típico que fan cando se ven dous animais que se descoñecen, primeiro úlense e logo iñan e danse unha patada ou salto cara atrás)	Ortigueira (A Coruña) 29/11/2011	Eu tiña unha besta que xa cando a rozabas no lombo poñíase a iñar que metía medo, pero logo era unha besta moi mansa.	Ver <i>griñar</i>
Ladra DRAG: si ³⁶	<i>adx. f.</i> [Besta ou cabalo] que non para nin obedece, salta as cintas ou fíos do cercado eléctrico, entra en fincas, é mala de coller, problemática...	Amil (Moraña) 19/09/2014	Comprou as bestas máis ladras que había.	
Lendia DRAG: non	<i>s. f.</i> Ovo de cor amarela que deposita no pelo do animal unha mosca da familia dos gasterofilidos.	A Lama (Pontevedra) 15/09/2014	A potra está cargada de lendias.	
Macho DRAG: si	<i>s. m.</i> Animal de carga híbrido e estéril, de sexo masculino, que nace da unión dunha egua cun burro ou dunha burra cun cabalo.	Mondoñedo (Lugo) 01/02/2011	Vendinlle dous machos a un de Lugo.	
Mangada DRAG: non	<i>s. f.</i> Manga de manexo. Construción con forma de corredor por onde se guía e se manexa o gando bravo do monte. Normalmente está dentro dun curro.	Muras (Lugo) 01/02/2011	Fai falta un home máis para meter as bestas na mangada.	

³⁵ Aparece *belfo* para designar o '[animal] con prognatismo inferior' [245].



³⁶ A definición que achega o DRAG nunha das acepcións de *ladrón* para *ladra* é '[Vaca, ovella etc.] que abandona a propiedade do seu dono para ir comer á doutro'.

<p>Mantedor DRAG: si³⁷</p>	<p><i>s. m.</i> Persoa que dá de comer a un animal.</p>	<p>Oroso (A Coruña) 01/12/2014</p>	<p>Esas son bestas á ganancia. Non son miñas. Eu simplemente son o mantedor.</p>	
<p>Marco 1 DRAG: non VMACV: non³⁸</p>	<p><i>s. m.</i> Marca a ferro que se lle fai aos animais do monte.</p>	<p>Viveiro (Lugo) 25/05/2012</p>	<p>Saben de quen son as bestas polo marco.</p>	
<p>Marco 2 DRAG: non Sin. <i>ferro</i></p>	<p><i>s. m.</i> A ferramenta con que se fai esta marca tamén recibe este nome.</p>	<p>Viveiro (Lugo) 25/05/2012</p>	<p>Cada comuneiro ten o seu marco.</p>	<p><i>Ver ferro</i></p>
<p>Merleño DRAG: non VMACV: non</p>	<p><i>adx. f.</i> [Animal] de cor negra cun ton acastañado moi diluído, semellante á das plumas do merlo.</p>	<p>Viveiro (Lugo) 01/02/2011</p>	<p>Tiñamos un garañón merleño que enrazaba moi ben.</p>	
<p>Modas DRAG: non VMACV: non</p>	<p><i>s. f. pl.</i> Características zoométricas que lle permiten ao gandeiro saber se un animal, aínda que estea en baixo estado de carnes, pode chegar a dar un bo exemplar, unha boa canal e, en definitiva, un bo prezo cunha boa alimentación.</p>	<p>Viveiro (Lugo) 14/08/2012</p>	<p>Hai que seleccionar os poldros que teñen modas e deixalos pasar un inverno e outra primavera para que collan bo peso.</p>	
<p>Mormo DRAG: si³⁹</p>	<p><i>s. m.</i> Papeiras.</p>	<p>Ferreira do Valadouro (Lugo) 01/02/2011</p>	<p>A poldra colleu o mormo e metina na corte.</p>	
<p>Moronda DRAG: non VMACV: non</p>	<p><i>adx. f.</i> [Besta] que quece pero nunca queda preñada.</p>	<p>Ourol (Lugo) 27/03/2014</p>	<p>Aquela besta leva catro anos sen parir. Non sei se non será moronda.</p>	

³⁷ A definición que recolle o DRAG para *mantedor* é '[Persoa] que dá de comer'.

³⁸ Aparece *marca a ferro* [1555].

³⁹ A definición que rexistra o DRAG para *mormo* é 'Enfermidade das cabalarías, que provoca unha inflamación e ulceración da mucosa nasal e dos ganglios linfáticos e que pode ser transmitida ao home'.

<p>Mosca de can DRAG: non Sin. <i>mosca do monte, mosca ladra e mosca zapateira</i></p>	<p><i>l. s.</i> Especie de mosca acastañada e brillosa de pel dura que adoita atacar os equinos.</p>	<p>Ponteareas (Pontevedra) 18/05/2013</p>	<p>O Chulo traía unha mosca da can da veiga.</p>	
<p>Mosca do monte DRAG: non Sin. <i>mosca de can, mosca ladra e mosca zapateira</i></p>	<p><i>l. s.</i> Especie de mosca acastañada e brillosa de pel dura que adoita atacar os equinos.</p>	<p>Ponteareas (Pontevedra) 09/04/2012</p>	<p>Cando cheguei do curro, o cabalo viña cheo desas moscas do monte.</p>	<p>Ver <i>mosca de can</i></p>
<p>Mosca ladra DRAG: si⁴⁰ Sin. <i>mosca de can, mosca do monte e mosca zapateira</i></p>	<p><i>l. s.</i> Especie de mosca acastañada e brillosa de pel dura que adoita atacar os equinos.</p>	<p>Ourol (Lugo) 09/05/2011</p>	<p>As eguas teñen moitas, sobre todo nas ubres, destas moscas, nos chamámoslles ladra, que se pegan ao pelo e non marchan.</p>	<p>Ver <i>mosca de can</i></p>
<p>Mosca zapateira DRAG: non Sin. <i>mosca de can, mosca do monte e mosca ladra</i></p>	<p><i>l. s.</i> Especie de mosca acastañada e brillosa de pel dura que adoita atacar os equinos.</p>	<p>Zas (A Coruña) 02/07/2012</p>	<p>Ai, nós a esas chamámoslles moscas zapateiras, que son durísimas.</p>	<p>Ver <i>mosca de can</i></p>
<p>Mosqueiro DRAG: non Sin. <i>calqueiro</i></p>	<p><i>s. m.</i> Lugar onde as bestas se sitúan durante as horas quentes do día para fuxiren da calor, permanecendo inmóbiles durante horas.</p>	<p>Rois (A Coruña) 10/08/2011</p>	<p>E logo de estar o monte sen bestas, aos tres anos volvéronse botar e fixeron o mosqueiro no mesmo sitio que as antigas, no medio dunha pedra grande que hai e por onde corre algo de vento cando fai calor dura.</p>	<p>Ver <i>calqueiro</i></p>
<p>Mulime DRAG: si⁴¹ Sin. <i>valume</i></p>	<p><i>s. m.</i> Material vexetal para estrar as cortes do gando.</p>	<p>Carnota (A Coruña) 03/10/2012</p>	<p>Todo o monte tiña para recoller o mulime para as cortes, non había unha xesta libre.</p>	

⁴⁰ O DRAG define a *mosca ladra* como 'Insecto díptero da familia dos hipobóscidos (*Hippobosca equina*), de corpo aplanado, pel dura e cor acastañada, que ataca especialmente o gando equino e vacún'. Ademais, engade como sinónimo *mosca das bestas*.

⁴¹ A definición que achega o DRAG para *mulime* é 'Conxunto de vexetais cortados, como toxo, fento etc., que se bota no lugar onde están os animais para mantelos secos e para que fagan esterco'.

Mulo bureño DRAG: non ⁴²	<i>l. s.</i> Cruce non fértil dun cabalo (pequeno) e unha burra.	Ribadeo (Lugo) 28/04/2012	Dunha burra e un cabalo, nacen estes mulos bureños pequenos e de fuciño chato.	
Natura DRAG: si ⁴³ VMACV: si [2682]	<i>s. f.</i> Vulva.	Mondoñedo (Lugo) 14/07/2012	O lobo abriulle desde a natura ata o peito a aquela poldra.	
Nefro DRAG: non VMACV: non Sin. <i>escadrilado</i>	<i>adx.</i> Cabalo cun óso isquiun roto.	Godomar (Pontevedra) 23/07/2014	Lébraste daquel cabalo nefro que era mais malo que o demo? Si, aquel que era escadrilado.	
Pa ⁴⁴ DRAG: si ⁴⁵ VMACV: si [860] ⁴⁶	<i>s. f.</i> Nome que se lles dá aos incisivos centrais da boca do cabalo.	Muras (Lugo) 06/09/2011	Ten ou non ten <i>palas</i> ?	
Padrear DRAG: si ⁴⁷ Cf. <i>engrinar</i> , <i>enrazar</i> e <i>traballar</i>	<i>v.</i> Ter fillos.	Tomíño (Pontevedra) 10/08/2011	Os poldros era obrigado sacalos da grea antes de cumpriren os tres anos xa que logo comezaban a padrear; e non é bo que os fillos cubran nas nais.	
Palmés DRAG: non ⁴⁸ VMACV: non Ant. <i>atupinado</i>	<i>adx.</i> [Animal] de talóns baixos.	Guitiriz (Lugo) 28/04/2012	Esta poldra parece un pouco palmesa, aínda que non moito.	

⁴² No DRAG aparece *bureño* co significado de '[Animal] que nace do cruzamento entre unha burra e un cabalo ou entre unha egua e un burro'.

⁴³ A definición que o DRAG achega para *natura* é 'Órgano xenital dos animais que paren'.






⁴⁴ O informante dicía *pala*, un castelanismo que nós mudamos pola forma galega *pa*. Ese castelanismo é o que serve de base derivativa para *despalar*.






⁴⁵ No DRAG aparece unha acepción de *pa* como 'Cada un dos dous dentes incisivos superiores situados no centro da dentadura'.

⁴⁶ Aparece *pa* como sinónimo de *dente incisivo central* e *pinza* [860].

⁴⁷ A definición que achega o DRAG para *padrear* é '[Macho] exercer as funcións da procreación'.

⁴⁸ No DRAG só aparece *palmés* co significado de '[Persoa] que ten a planta dos pés plana'.

Pasador DRAG: non VMACV: non	<i>s. m.</i> Defecto que consiste en ter un tendón encollido. Nas vacas dise <i>ter a cambra</i> .	Boqueixón (A Coruña) 03/10/2012	Tiña o pasador e coxeaba do pe dereito.	
Patacas DRAG: non VMACV: non	<i>s. f. pl.</i> Melanoma dos cabalos pedreses que aparecen cando teñen moita idade nas zonas do ano ou do prepucio.	Oroao (A Coruña) 16/04/2013	Como teñan patacas, xa escusa mandalos porque os queiman nos matadoiros.	
Pedrés DRAG: si VMACV: non Cf. <i>(de) dous pelos e roano</i> Ver <i>pedrés picazo</i>	<i>adx.</i> Tordo. [Animal] que ten mestura de cores negra e branca na súa pelaxe.	Ortigueira (A Coruña) 01/02/2011	Por que os pedreses non valen para PRG?	
Pedrés picazo DRAG: non VMACV: non Cf. <i>(de) dous pelos e roano</i> Ver <i>pedrés</i>	<i>adx.</i> Tordo con pintas pequenas.	Cotobade (Pontevedra) 15/07/2014	Meu pai tiña unha besta pedresa, pedresa picaza, sabes?	
Péga DRAG: si Sin. <i>pexal, piega, tranca</i>	<i>s. f.</i> Utensilio de madeira que se coloca na extremidade dianteira para controlar o movemento dos cabalos.	Oroso (A Coruña) 01/02/2011	Poñer pégas está totalmente prohibido.	
Petelo DRAG: non	<i>s. m.</i> Parte da piega que evita que o peso deste útil recaia sobre o casco do cabalo.	Mondoñedo (Lugo) 14/07/2012	Haille que cambiar o petelo a esta piega.	
Pexa 1 DRAG: non Sin. <i>péga, piega, tranca</i>	<i>s. f.</i> Utensilio de madeira que se coloca na extremidade dianteira para controlar o movemento dos cabalos.	Oroso (A Coruña) 01/02/2011	Antes soltábalos no monte cunha pexa e xa estaba.	Ver <i>péga</i>
Pexa 2 DRAG: si Sin. <i>solta</i>	<i>s. f.</i> Corda ou cadea que se ata á extremidade dianteira e á posterior para limitar o movemento dos animais.	Pontearas (Pontevedra) 01/02/2011	Antes soltábalos no monte cunha pexa e xa estaba.	

<p>Pexadoiro DRAG: si⁴⁹ VMACV: non⁵⁰ Sin. <i>soltadoiro</i>⁵¹</p>	<p><i>s. m.</i> Parte do pé do equino por onde se lle pon a pexa.</p>	<p>Mondoñedo (Lugo) 19/06/2012</p>	<p>Esa poltra ten os pexadoiros moi curtos. Fíxate ben.</p>	
<p>Picón DRAG: si⁵² VMACV: si [2104]</p>	<p><i>adx.</i> Animal con prognatismo; mandíbula inferior máis longa que a superior.</p>	<p>Ferrol (A Coruña) 06/03/2013</p>	<p>Teño un mulo pero é picón.</p>	
<p>Piega DRAG: si Sin. <i>péga</i>, <i>pexal</i>, <i>tranca</i></p>	<p><i>s. f.</i> Utensilio de madeira que se coloca na extremidade dianteira para controlar o movemento dos cabalos.</p>	<p>Mondoñedo (Lugo) 01/02/2011</p>	<p>Aínda hai xente que lle pon tranças ás bestas.</p>	<p>Ver <i>péga</i></p>
<p>Pollo (var. de piollo) DRAG: non⁵³</p>	<p><i>s. m.</i> Carracho adulto que se pega á pel, sobre todo, na parte do pescozo onde non caen as crinas, cunha liña negra lonxitudinal.</p>	<p>Abadín (Lugo) 14/07/2012</p>	<p>Para que aparezan os pollos teñen que ser bestas moi delgadas; as gordas non os teñen.</p>	
<p>Queixadelo DRAG: non VMACV: non</p>	<p><i>s. m.</i> Beizo ou mandíbula inferior do equino. Belfo, barbadela, queixo.</p>	<p>Mondoñedo (Lugo) 14/09/2014</p>	<p>Agarrei o poldro polas orellas e o queixadelo e estou seguro que lle tiñas tantas ganas coma min...</p>	
<p>Quinceno DRAG: non</p>	<p><i>adx.</i> [Poldro] de 18 meses; máis ou menos dun ano e medio.</p>	<p>Muras (Lugo) 25/02/2011</p>	<p>Teño dous poldros quincenos para vender e esta trintena que vou criar.</p>	

⁴⁹ O DRAG define *pexadoiro* como 'Zona da pata dun animal onde se pon a pexa'.




⁵⁰ Aparece *cuartela* como equivalente do castelán *cuartilla* [809, 837, 838, 839].

⁵¹ Aínda que *pexadoiro* e *soltadoiro* aparecen no DRAG e están definidos practicamente igual, non se inclúen como sinónimos.

⁵² O DRAG define *picón* como '[Cabalo, eua] co belfo máis longo ca o labio superior'.

⁵³ No DRAG aparece como sinónimo de *piollo*.

<p>Quitás DRAG: si VMACV: non</p>	<p><i>s. f. pl.</i> Placenta. Peles que envolven o poldro acabado de nacer ou que lle quedan colgando á egua nos momentos posteriores ao parto.</p>	<p>Mondoñedo (Lugo) 10/04/2013</p>	<p>O poldro acaba de nacer aínda que estaba coas quitás.</p>	
<p>Rabo de arrieiro DRAG: non</p>	<p><i>l. s.</i> Rabo co pelo cortado xusto á altura da xema.</p>	<p>Mondoñedo (Lugo) 23/07/2014</p>	<p>Falta aquela do rabo de arrieiro.</p>	
<p>Rancho DRAG: non Sin. <i>grea</i></p>	<p><i>s. m.</i> Grupo de cabalos.</p>	<p>Oia (Pontevedra) 25/07/2014</p>	<p>Collemos cincuenta eguas e quedou un ranchiño delas arriba na costa.</p>	<p>Ver <i>grea</i></p>
<p>Rapa 1 DRAG: si</p>	<p><i>s. f.</i> Acción de cortarlle o pelo aos animais.</p>	<p>Vimianzo (A Coruña) 01/02/2011</p>	<p>Estamos na rapa.</p>	
<p>Rapa 2 DRAG: <i>rapa das bestas</i></p>	<p><i>s. f.</i> Por extensión, festa tradicional na que se acurran os cabalos e se rapan.</p>	<p>Vimianzo (A Coruña) 01/02/2011</p>	<p>O domingo é a rapa.</p>	
<p>Rapar DRAG: si</p>	<p><i>v.</i> Cortarlle o pelo a un animal. Especialmente, o pelo da crina e do rabo nas rapas.</p>	<p>Vimianzo (A Coruña) 01/02/2011</p>	<p>Rapamos tres e fáltannos cinco máis.</p>	
<p>Remasón (var. <i>remansón</i>) DRAG: non</p>	<p><i>adx.</i> Cabalo demasiado manso, demasiado dócil. Non desconfía de ninguén e calquera pode levalo.</p>	<p>Negreira (A Coruña) 10/04/2013</p>	<p>É o problema dos cabalos remasóns criados na casa, que logo nas fincas marchan con calquera.</p>	
<p>Remollo DRAG: si VMACV: si [2583]</p>	<p><i>s. m.</i> Ubre.</p>	<p>A Pastoriza (Lugo) 10/10/2014</p>	<p>Vaia remollo tiña aquela egua.</p>	

Reseña 1 DRAG: non VMACV: non ⁵⁴ Sin. <i>divisa</i>	<i>s. f.</i> Marca branca na cara ou nas patas susceptibles para apuntar nunha descrición.	Muras (Lugo) 15/09/2011	A besta non ten divisa nin reseña ningunha, vale para marcar.	Ver <i>divisa</i>
Reseña 2 DRAG: non VMACV: non ⁵⁵	<i>s. f.</i> Ficha técnica e identificativa que inclúe unha descrición gráfica e escrita dun cabalo e que forma parte do seu pasaporte identitario.	A Lama (Pontevedra) 10/12/2014	A besta ten rabo ruzo por se llo queres anotar na reseña.	
Restrebada DRAG: non ⁵⁶	<i>s. m.</i> Acción de parir anos consecutivos.	Xove (Lugo) 01/02/2011	Esta egua leva catro poldros, todos de restrebada.	
Roano DRAG: non ⁵⁷ VMACV: non ⁵⁸ Sin. <i>(de) dous pelos</i> Cf. <i>pedrés</i>	<i>adx.</i> [Pelaxe constituída por pelos] de dúas cores, vermella e branca.	Ortigueira (A Coruña) 01/02/2011	–Eu tiña unha besta de dous pelos, malísima! Non había quen pasara ao seu lado. –De dous pelos? –Si, roano. Non sabes?	Ver <i>(de) dous pelos</i>
Rodapío DRAG: non ⁵⁹ VMACV: non ⁶⁰	<i>s. m.</i> Remuíño ovalado e espigado no pelo do equino.	A Lama (Pontevedra) 08/09/2014	O cabalo ten dous rodapíos no peito.	
Roleteiro DRAG: non	<i>s. m.</i> Paso canadense. Estructura metálica cuns cilindros transversais xiratorios que se instalan na entrada ou saída dos lugares de acceso humana onde hai gando para que os animais non poidan saír.	Vimianzo (A Coruña) 03/10/2012	Hai que poñer dous roleteiros na finca.	
Roncarlle o calleiro (a un cabalo) DRAG: non ⁶¹ VMACV: non ⁶²	<i>l. v.</i> Facer os intestinos do equino un ruído característico ao comezar a moverse (pasar de trote a galope, por exemplo).	Muras (Lugo) 06/09/2011	Eu sabía que estaba alí porque o escoitaba moverse, ata lle escoitei roncar o calleiro.	

⁵⁴ Aparece como equivalente castelán de *descrición* [873, 874, 875, 1575, 2392].

⁵⁵ Aparece como equivalente castelán de *descrición* [873, 874, 875, 1575, 2392].

⁵⁶ No DRAG aparece *restrebar* co significado de ‘[Res] parir todos os anos’.

⁵⁷ No DRAG aparece *ruán* co significado de ‘[Cabalo] de crina branca’.

⁵⁸ Aparece *pelaxe ruana* [2021].

⁵⁹ No DRAG atopamos *rodopio* practicamente co mesmo significado: ‘Espirais que forman un grupo de pelos que nacen en distinta dirección’.

⁶⁰ Non aparece nin *rodapio* nin *rodopio*.

⁶¹ Atopamos *calleiro* no DRAG co significado de ‘Estómago dos animais’ e ‘Cuartas das catro cavidades en que se divide o estómago dos ruminantes’.

⁶² Aparece *calleiro* como sinónimo de *amosado* [7].


<p>Roncollo DRAG: si VMACV: si [779]</p>	<p><i>adx.</i> Cabalo monórquido, que só ten un testículo.</p>	<p>Mondoñedo (Lugo) 14/07/2012</p> <p>Ferrol (A Coruña) 12/07/2013</p>	<p>C1. Cando eu axudaba a un capador, castrara un cabalo roncollo e logo de quitarlle un ovo pregunteille polo outro e díxome: <i>cala home cala e di que isto esta feito!</i> C2. Eu creo que ese cabalo non está capado. Para min que é roncollo. E os cabalos roncollos son malísimos.</p>	
<p>Rubio DRAG: non VMACV: <i>pelaxe rubia</i> [1966]</p>	<p><i>adx.</i> Alazán. Pelos da cabeza, pescozo, tronco, membros, crina e cola de coloración vermella.</p>	<p>Viveiro (Lugo) 01/02/2011</p>	<p>O pai era un cabalo rubio.</p>	
<p>Ruzo DRAG: si VMACV: non</p>	<p><i>adx.</i> De cor parda clara, cana ou tirando a cana.</p>	<p>A Lama (Pontevedra) 10/12/2014</p>	<p>A besta ten rabo ruzo por se llo queres anotar na reseña.</p>	
<p>Sanguiño⁶³ DRAG: non</p>	<p><i>adx.</i> [Animal] de temperamento nervioso; con máis chispa, con máis sangue.</p>	<p>Miño (A Coruña) 01/12/2014</p>	<p>Esas son máis <i>sangrinas</i>.</p>	

⁶³ Este termo recollémolo como *sangrino* que toma como base de derivación o castelanismo *sangre*. En galego debería ser: *sanguiño*.

<p>Seda DRAG: si⁶⁴ VMACV: si [2390]</p>	<p><i>s. f.</i> Pelo longo do cabalo que nace na cola e na crina.</p>	<p>Porto do Son (A Coruña) 03/10/2012</p>	<p>Na rapa cortámoslles as sedas do rabo e da crina.</p>	
<p>Serrón DRAG: non VMACV: non</p>	<p><i>s. m.</i> Columna vertebral dun animal na que se notan as vértebras marcadas na pel do lombo cando está moi fraco.</p>	<p>Miño (A Coruña) 01/12/2014</p>	<p>Esa besta só ten serrón.</p>	
<p>Silva DRAG: non VMACV: non</p>	<p><i>s. f.</i> Galladura do grosor dunha silveira.</p>	<p>Poio (Pontevedra) 27/03/2014</p>	<p>Un cabalo castaño, cunha cuncha e unha silva que lle baixa pola cara.</p>	
<p>Silvado DRAG: non⁶⁵ VMACV: non</p>	<p><i>adx.</i> Cabalo cunha silva na cara.</p>	<p>Poio (Pontevedra) 27/03/2014</p>	<p>Un dos cabalos que gardou é silvado.</p>	<p>Ver <i>silva</i></p>
<p>Sisga DRAG: non VMACV: non Cf. <i>fisga</i></p>	<p><i>s. f.</i> Marca ou mancha branca na fronte menor que unha cuncha.</p>	<p>Muras (Lugo) 14/03/2011</p>	<p>A nai ten unha sisga e non vale.</p>	
<p>Solta DRAG: si Sin. <i>pexa2</i></p>	<p><i>s. f.</i> Corda ou cadea que se ata á extremidade dianteira e á posterior para limitar o movemento dos animais.</p>	<p>Ortigueira (A Coruña) 01/02/2011</p>	<p>Para levalo no remolque, póñolle unha solta.</p>	<p>Ver <i>pexa</i></p>

⁶⁴ No DRAG aparece *seda* cun significado máis xeral 'Cada un dos pelos fortes e duros de certos animais'.

⁶⁵ O significado que ofrece o DRAG para *silvado* non é o mesmo exactamente: '[Animal] que ten unha mancha branca na fronte e no fociño'.

Soltado DRAG: non ⁶⁶	<i>adx.</i> Animal que ten unha solta nas patas, o cal lle resta mobilidade.	Cambre (A Coruña) 01/02/2011	Agora cos de medio ambiente non hai quen teña cabalos, non os podes ter presos e tampouco soltados, non se poden aproveitar os pastos que non estean pechados.	Ver <i>solta</i>
Soltadoiro DRAG: si ⁶⁷ VMACV: non ⁶⁸ Sin. <i>pexadoiro</i>	<i>s. m.</i> Parte do pé do equino por onde se lle pon a solta.	Guitiriz (Lugo) 09/02/2012	Amárralle a corda polo soltadoiro, e tíraslle da pata para que eu poida ver.	Ver <i>pexadoiro</i>
Tapa DRAG: non VMACV: non	<i>s. f.</i> Parte do corpo correspondente á columna vertebral.	Moeche (A Coruña) 23/04/2013	Ao carnicero non lle gustou a tapa e non lle comprou a besta.	
Tapado DRAG: non VMACV: non	<i>adx.</i> En bo, ou moi bo estado de carnes.	Pobra do Caramiñal (A Coruña) 15/09/2011	Esa poldra está ben tapada.	
Tornar DRAG: non	<i>v.</i> Guiar. Evitar que o gando saia ou se desvíe do camiño.	Mondoñedo (Lugo) 18/09/2013	Ti torna aquí, que as bestas non pasen.	
Torno DRAG: non ⁶⁹	<i>s. m.</i> Parte da piega que suxeita o aparello á pata. Vara que cruza por detrás do soltadoiro pechando o útil.	Mondoñedo (Lugo) 14/07/2012	O torno está frouxo e vaille caír a piega.	
Traballar DRAG: non Cf. <i>engrinar, enrazar e padrear</i>	<i>v.</i> Cubrir as eguas o semental.	Muras (Lugo) 03/05/2012	Xa podes levar o garañón que xa traballou as bestas.	Ver <i>padrear</i>
Tramocado DRAG: non VMACV: non	<i>adx.</i> De peito moi ancho.	Xove (Lugo) 03/10/2012	Era un poldro moi bo, tramocado, sabes?	

⁶⁶ No DRAG recóllese como terceira acepción de *soltar* ‘Pór unha solta a [un animal]’.

⁶⁷ No DRAG *soltadoiro* defínese como ‘Parte do pé de certos animais por onde se soltan’.

⁶⁸ Aparece *cuartela* como equivalente do castelán *cuartilla* [809, 837, 838, 839].

⁶⁹ No DRAG *torno* aparece cun significado máis xeral ‘Anaco de madeira en forma de cilindro que se utiliza para suxeitar pezas, colgar cousas etc’.

Tranca DRAG: non Sin. <i>péga</i> , <i>pejal</i> , <i>piega</i>	<i>s. f.</i> Utensilio de madeira que se coloca na extremidade dianteira para controlar o movemento dos cabalos.	As Pontes de García Rodríguez (A Coruña) 01/02/2011	Aínda o outro día vin dúas bestas con trancas nos pés.	Ver <i>péga</i> .
Trinteno DRAG: non	<i>adx.</i> [Animal] que ten o dobre de tempo dun quinceno, sobre uns 36 meses.	Muras (Lugo) 25/02/2011	Teño dous pol-dros quincenos para vender e esta trintena que vou criar.	
Trocha DRAG: non ⁷⁰ VMACV: non Sin. <i>frocha</i>	<i>adx.</i> [Orella] mutilada parcialmente cun corte na cartilaxe que fai que permaneza dobrada.	Poio (Pontevedra) 24/08/2014	Esta poldra é filla da besta da orella trocha.	
Tupino DRAG: non VMACV: non ⁷¹ Cf. <i>atupinado</i> e <i>zopo</i> Ver <i>atupinado</i> e <i>empuñar</i>	<i>adx.</i> [Animal] que presenta unha inclinación da parede do casco vertical debido a unha retracción dos tendóns flexores.	Meis (Pontevedra) 27/03/2011	A besta é moi mansa pero un pouco tupina dos pés de atrás, (...) non moito pero un pouco atupinada está.	
Ubrar DRAG: si	<i>v.</i> Experimentar o aumento do ubre nunha egua ou burra cando se aproxima o momento do parto.	Oza-Cesuras (A Coruña) 25/04/2014	A egua debe de estar próxima a parir. Mira como xa está a ubrar.	Ver <i>remollo</i>
Valume DRAG: si ⁷² Sin. <i>mulime</i>	<i>s. m.</i> Material vexetal para estrar as cortes do gando.	Carnota (A Coruña) 03/10/2012	O valume botábasllo na corte e sacabas un esterco boísimo.	Ver <i>mulime</i>
Vaso DRAG: non VMACV: non	<i>s. m.</i> Muralla do casco referido unicamente á parte do material da unlla.	Ferrol (A Coruña) 06/03/2013	Eu, para as feiras, pintolle o vaso.	
Ventás DRAG: non ⁷³ VMACV: non ⁷⁴	<i>s. f. pl.</i> Orificios do nariz do animal.	Muros (A Coruña) 01/02/2011	Agárrao polas ventás.	

⁷⁰ O DRAG recolle *trochar* cos significados de 'Forzar violentamente a articulación de [unha parte do corpo]' e '[Vexetal ou parte del] perder a frescura'.

⁷¹ Aparece *debruzado* [842] con este mesmo significado e *topino* como equivalente en español.

⁷² A definición que achega o DRAG para *valume* é 'Conxunto de vexetais, como toxo, queiroas, fento etc., co que se lles estran as cortes aos animais'.

⁷³ No DRAG aparece *ventas*.

⁷⁴ Aparece *venta* [2643].

Veazar DRAG: si	v. Collerlle gusto a [algo] ata o punto de ser un hábito ou tendencia a facer algo que non está ben. Sucede coas bestas do monte cando entran por primeira vez nun cultivo.	Mondoñedo (Lugo) 23/07/2014	Desde que vezan logo non hai maneira de paralas e volven ás veigas.	
Xaspeado DRAG: si ⁷⁵ VMACV: <i>pelaxe xaspeada</i> [2034] Cf. <i>roano</i> e <i>pedrés</i>	<i>adx.</i> [Cor] de pelaxe indefinida, torda, roana...	Cambre (A Coruña) 27/03/2014	Ten unha cor rara. É así xaspeado.	
Xema DRAG: non VMACV: non	<i>s. f.</i> Punta do rabo.	Mondoñedo (Lugo) 23/07/2014	Ten coidado coa xema (Mentres rapaban unha besta).	
Xilicoso DRAG: non	<i>adx.</i> [Animal] de escasa calidade, fraco e incluso con aparencia de enfermo.	Ponteareas (Pontevedra) 08/02/2011	Buh, a onde vas con iso? Non irás meter ese xilicoso na corte do Chulo?	Ver <i>encartado</i>
Xirico DRAG: non	<i>s. m.</i> Burro, asno. Tamén se pode aplicar a cabalos ou poldros de escasa estatura e calidade de forma humorística.	Ponteareas (Pontevedra) 13/08/2014	Xa meteches o xirico na corte?	
Zafra DRAG: non	<i>s. f.</i> Tempo no que as bestas andan en celo.	Ourol (Lugo) 01/02/2011	Hai que xuntar as bestas nunha finca pechada e poñerlles un macho que enraccen ben, como mínimo, no tempo da zafra.	
Zopo DRAG: non ⁷⁶ VMACV: non Cf. <i>atupinado</i> e <i>tupino</i> Ver <i>atupinado</i> e <i>empuñar</i>	<i>adx.</i> [Animal] que presenta unha deformidade do casco, (diferente de <i>tupina</i>) case nun ángulo extra apromado.	Ourol (Lugo) 27/03/2014	Aquela besta zopa que está no alto.	

⁷⁵ O DRAG define *xaspeado* como 'Que ten pintas ou veas coma o xaspe'.

⁷⁶ No DRAG di *zopo* ou *zoupo* como 'Andar cos pés tortos cara a dentro'.

3. Conclusións

Logo de presentar o corpus término-lexicográfico e facermos as comparacións e análises oportunas, gustaríanos reparar nunha serie de cuestións que nos parecen interesantes para concluír este artigo. O primeiro aspecto sobre o que nos gustaría deternos é a distribución xeográfica, dado que semella que existen áreas moito máis produtivas ca outras. Foi a provincia de Lugo a que máis termos achegou a esta investigación cun total de 90 unidades das 183 recollidas e son os concellos de Muras e Mondoñedo, con 32 e 30 palabras, os máis salientables. A seguir, atopamos a Coruña con 52 termos, 15 dos cales pertencen a Ortigueira, a área xeográfica na que máis termos coruñeses compilamos. A continuación, está Pontevedra con 40. Nesta provincia son os concellos da Lama, Pontearreas e Santa María de Oia os que sobresaen, aínda que o fan dunha forma moito menos destacada ca os municipios das provincias xa comentadas. No último lugar, sitúase Ourense, con só 2 termos recollidos no concello de San Cristovo de Cea. Nesta distribución podemos percibir que as provincias que achegan máis termos son as que máis gando equino teñen ou, polo menos, nas que ten máis presenza. Existe, xa que logo, unha lóxica vinculación entre a existencia deste gando e a presenza de termos relacionados con eles. Certamente, isto tamén está relacionado co feito de que esta mostra foi recollida en función das persoas que precisaron dos servizos da Asociación de Criadores de Cabalos de Pura Raza Galega (Puraga) nestes últimos tres anos.

A seguinte cuestión que chamou a nosa atención foi a análise da produtividade término-lexicográfica en cada unha das áreas temáticas nas que podemos dividir o noso compendio (véxase *infra* a listaxe). É a *morfoloxía equina* a que máis peso ten, con 70 unidades, seguida, aínda que xa de lonxe, polo *manexo* (38), as *accións* que realizan estes animais (28) e a *tipoloxía* na que tendemos a clasificalos (23). Gustaríanos salientarmos tamén que é moito maior o número de termos que se refiren a aspectos negativos do animal sobre os que resaltan calidades boas. Posuír palabras que nomeen e identifiquen defectos posiblemente sexa un factor fundamental para aquelas persoas que teñen que seleccionar gando bo e de calidade unha vez que o éxito do seu negocio depende diso. Parece, por tanto, que as áreas temáticas tamén poden ser unha boa guía para un traballo

máis completo e exhaustivo sobre o campo temático. A continuación, na seguinte listaxe, ofrecemos unha clasificación dos termos por áreas e subáreas temáticas:

1. Acción (28)
2. Coidado (5)
 - 2.1. Coidado. Acción (2)
 - 2.2. Coidado. Cama (2)
 - 2.3. Coidado. Utensilio (1)
3. Doenza (4)
4. Manexo (38)
 - 4.1. Manexo. Xeral (6)
 - 4.2. Manexo. Acción (15)
 - 4.3. Manexo. Profesión (2)
 - 4.4. Manexo. Utensilio (13)
 - 4.5. Manexo. Utensilio. Parte (2)
5. Morfoloxía equina (70)
 - 5.1. Morfoloxía. Calidade. Boa (3)
 - 5.2. Morfoloxía. Calidade. Ruín (16)
 - 5.3. Morfoloxía. Marca (10)
 - 5.4. Morfoloxía. Parte (16)
 - 5.5. Morfoloxía. Pelaxe. Cor (10)
 - 5.6. Morfoloxía. Pelaxe. Peculiaridade (16)
6. Organización (4)
 - 6.1. Organización. Xeral (2)
 - 6.2. Organización. Lugar (2)
7. Parasito (8)
8. Reprodución (2)
9. Tipoloxía (23)
 - 9.1. Tipoloxía. Comportamento (3)
 - 9.2. Tipoloxía. Especie (5)
 - 9.3. Tipoloxía. Funcionalidade (3)
 - 9.4. Tipoloxía. Idade (4)
 - 9.5. Tipoloxía. Manexo (6)
 - 9.6. Tipoloxía. Medida (1)
 - 9.7. Tipoloxía. Reprodución (1)

Foi a natureza gramatical dos termos recollidos a que cativou, en terceira instancia, a nosa curiosidade. Coma no VMACV, son os substantivos e os adxectivos os que amosan unha maior presenza na nosa táboa de termos (77 son substantivos –38 masculinos e 39 femininos–, dos que 4 só teñen forma de plural; e 52 adxectivos, 2 dos cales só se usan en feminino). De todos os modos, tamén os verbos teñen unha presenza verdadeiramente notable, 43 ocorrencias. Polo demais, só ficarían 9 locucións –6 substantivas, 4 adxectivas e 1 verbal.

En cuarto e último lugar, chegamos á verdadeira comparativa numérica das semellanzas e vicisitudes co DRAG e co VMACV. No dicionario da RAG buscamos, como xa mencionamos na introdución, todos os termos e a nosa sorpresa foi que só atopamos 46 das unidades recollidas, as tres cuartas partes dos vocábulos. Pola súa banda, para o VMACV tivemos que facer unha selección moito máis filtrada para procurar só aquelas palabras que fosen susceptibles de apareceren nel. Buscamos 73 dos termos documentados por nós e, destes, só rexistramos 10 coincidencias fronte

a 63 ausencias. Logo de chegarmos a este punto, no que descubrimos e comprobamos que un 75% do noso corpus non coincide do DRAG e un 83,3% non coincide tampouco co VMACV, deducimos que o vocabulario equino está ausente de modo considerable nos dicionarios de lingua xeral e nas obras terminográficas que referenciamos. Se tomamos en consideración o que acabamos de mencionar, valoramos en maior medida a importancia da presente achega e suxerimos que talvez sexa abondo interesante a elaboración dun léxico ou dicionario galego de hipoloxía

4. Referencias bibliográficas

- Federación Hípica Galega: *Federación Hípica Galega*. Vigo, Federación Hípica Galega <<http://www.fhgallega.com/hipica/inicio/inicio.php>>.
- González González, Manuel (dir.) (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega <<http://www.realacademiagallega.org/diccionario/#inicio.do>> [consulta: 21/02/2014].
- Page, Larry e Sergey Brin (1997): “Google images”, en *Google search*. EE.UU.: Google Inc. <<https://www.google.es/imghp?hl=gl&tab=wi>> [consulta: 12/08/2014].
- Pose Nieto, Herminio (2003): *Guía dos curros de Galicia*. Vigo: Xerais.
- Rodríguez Río, Xusto A. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2008): *Vocabulario de morfoloxía, anatomía e citoloxía veterinaria*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Subdirección General de Productos Ganaderos (2014): *El sector equino en cifras. Principales indicadores económicos en 2013*. Ministerio de Agricultura <http://www.magrama.gob.es/es/ganaderia/temas/produccion-y-mercados-ganaderos/INDICADORES_ECON%C3%93MICOS_SECTOR_EQUINO_2013_tcm7-332703.pdf> [consulta: 15/11/2014].

5. Créditos das imaxes

- Abaiado: <<http://www.milanuncios.com/venta-de-caballos/cubricion-semental-pre-bayo-morisco-xii-88010692.htm>>
- Abriar: <http://serradacapelada.blogspot.com.es/2008_07_08_archive.html>
- Acintado: <<http://centroecuestretordesillas.blogspot.com.es/2012/10/las-capas-y-marcas-de-los-caballos.html>>
- Acornellar: elaborada polos propios autores
- Acurrar: <<http://www.farodevigo.es/multimedia/fotos/sociedad/2016-07-01-63963-sabucedo-reune-caballos-previa-rapa-bestas.html>>
- Afalar: <<http://www.dehoefslag.nl/tag/jeanine-nekeman>>
- Agrear: <<http://www.itgganadero.com/itg/portal/seccion.asp?S=3&N=79&P=17>>
- Alobado: elaborada polos propios autores
- Alobadura: elaborada polos propios autores
- Aloitador: elaborada polos propios autores
- Amougado: <<http://www.pulso-digital.com/prosa/el-viejo-caballo-blanco-relato-corto-por-walter-elias-alvarez-bocanegra/>>
- Aparellar: <<http://www.cavaleirosvn.net/aulas.htm>>
- Apoltrado: <http://jcruzmundet.blogspot.com.es/2011_03_01_archive.html>
- Armarse: <http://2.bp.blogspot.com/_qO8tD-Uzsd8/Ru1VcNBiogI/AAAAAAAAB0A/1Mu8ZVrpB0c/s1600-h/paard_0042.jpg>
- Arrabalada: <<http://mas.farodevigo.es/galeria/galeria.php?galeria=216&foto=3122&orden=1>>
- Atestado: <<http://www.culturaecuestre.com/wp-content/uploads/2013/02/careto.jpg>>
- Atupinado: <<http://www.farriergabino.com/articulos-y-casos/topino-y-subluxacion-articular>>

Aventar 2: elaborada polos propios autores

Baio: <http://1.bp.blogspot.com/-jQAc0OslUgY/Uy8jBOwTq-I/AAAAAAAAAKlc/ShFbZQ9_HnI/s1600/Colores+del+Caballo+o+Pelajes+del+Equino+6.bmp>

Belida: <<http://www.3caballos.com/enfermedades/enfermedades-oculares>>

Besto: elaborada polos propios autores

Bucho: <<https://es.groups.yahoo.com/neo/groups/foroperiodistas/conversations/topics/22136>>

[Cabalo ou besta] de aparellos: <<http://radiofusion.eu/imagenes/noticias/principales/cabalo%20pura%20raza%20galega.jpg>>

Cabeceira: <<http://www.agroterra.com/p/cabezada-de-nylon-native-hkm-protector-polar-azul-oscurο-full/3049879>>

Cadillo: <<http://www.avilequus.com/especialneonatos.html>>

Calqueiro: elaborada polos propios autores

Cambeiro: elaborada polos propios autores

Careto: <<http://santiagoalzate.jimdo.com/razas/>>

Cativar: <<http://www.elcorreo.com/bizkaia/sociedad/201408/27/localizan-caballos-desnutridos-completamente-20140827155930.html>>

Chambrón: <http://www.sierranorte.net/herraje/hans_seminario_potros.html>

Charneco: <<http://linde5-otroenfoquenoticias.blogspot.com.es/2010/01/caballos-el-silencio-de-los-inocentes.html>>

Chocro: <<http://www.engormix.com/MA-equinos/sanidad/articulos/infestaciones-parasitarias-caballos-t4081/165-p0.htm>>

Cordón: <<http://sosgroba.blogspot.com.es/2011/06/curro-en-san-cibran-portavedra.html>>

Cozarse: <<https://www.dreamstime.com/stock-photos-horse-scratching-its-back-image12145473>>

Craveira: <<http://www.parapsicologocarbo.com/products/index/24>>

Crinar: <<http://www.acuariogallego.com/fotografia-de-naturaleza/sabucedo-2007-a-rapa-en-fotos/>>

Cuarta: <http://www.didacticamultimediacr.com/CD_FISICA/tematica/fis_10/fis_10_0003.htm>

Cuncha: <<http://www.theequestrianreserve.com/equestrian-reserve-horses.html>>

Curro: <<http://www.panoramio.com/photo/9075006>>

(De) dous pelos: <https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/7/77/Belgisk_hest-2.jpg>

Desedar: <gl.wikipedia.org/wiki/Rapa_das_Bestas_de_Sabucedo>

Desferrar 1: <http://ubriqueenverde.blogspot.com.es/2014_04_01_archive.html>

Desgaxar: <<http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2016/08/18/ingresan-rof-codina-caballo-desnutrido/00031471535754284547699.htm>>

Despalar: <<http://rdxhorses.blogspot.com.es/2012/02/chrome-lost-baby-tooth-cap-and-we-got.html>>

Desparasitar: <<http://diana.trinidadphoto.com/espanol/index.htm>>

Despiegado: <<http://www.lavozdeg Galicia.es/album/carballo/2013/07/20/bajada-caballos-monte-vimianzo/01101374337533234376612.htm>>

Divisa: <es.wikipedia.org/wiki/Marcas_en_el_pelaje_del_caballo>

Empunxar: <<http://www.anipedia.net/images/fondos-pantalla-caballos.jpg>>

Encabezar: <es.wikihow.com/embridar-un-caballo#/Imagen:Bridle-a-Horse-Step-25.jpg>

Encarnar: <<http://www.horseadvice.com/horse/messages/4/218260.html>>

Encartado: <wp.clicrbs.com.br/bicharada/files/2012/02/cavalook.jpg>

Encolar: <horsemanship.typepad.com/horse_bliss/2006/03/tail_tie.html>

Engrinar: <forheretootheg0dzarepresent.blogspot.com.es/2013/09/the-return-of-casino-gulag-games.html>

Escalar: <www.redrover.org/article/rolling-along-temporary-horse-shelter>

Espichado: <<https://www.flickr.com/photos/lansbricae/4740324214/sizes/l/>>

Espoltrar: <<http://www.escoladocavalo.com.br/2012/03/gestacao-gemelar-pode-causar-aborto-em-eguas/>>

Faba: <<http://www.odontoequinos.com/aba>>

Ferro: <www.cml.pt/cml.nsf/artigos/4855C204B081062B80257B19003FFB64>

Fisga: <nuestrasamigaslenguayliteraturanose.blogspot.com.es/2010/11/somos-escritores.html>

Fondegga: <www.caballopedia.com/wp-content/uploads/2012/10/Animals-Horses_Bay-Star.jpg>

Galladura: <pasionporcaballos.blogspot.com.es/2012/02/marcas-en-el-pelaje.html>

Grea: <https://es.wikipedia.org/wiki/Mustang_%28caballo%29#/media/File:Mustang_Utah_2005_2.jpg>

Griñar: <<https://equitecbalearlapaz.wordpress.com/category/equitacion/>>

Guelfo: <<http://www.odontoequinos.com/maloclusiones>>
 Lendia: <<http://www.caballosypastoreo.galeon.com/aficiones1997011.html>>
 Macho: <https://es.wikipedia.org/wiki/Mula_%28animal%29#/media/File:Momo_260905.jpg>
 Mangada: <http://www.valadouro.org/gl/festas/rapa_bestas.php>
 Mantedor: <http://www.schleich-s.com/es/ES/servicio-al-consumidor/articulos-de-coleccion/2012/farm_life/mozo_de_cuadra/>
 Marco 1: <<http://nebra-nebra.blogspot.com.es/2011/07/con-data-de-caducidade.html>>
 Merleño: elaborada polos propios autores
 Modas: <<http://www.laequitacion.com/showthread.php?t=20259>>
 Mormo: <<http://www.catallo-go.com/papera-equina/>>
 Moronda: <<http://manejoreproductivoequino.blogspot.com.es/2015/03/reproduccion-y-foal-heat.html>>
 Mosca de can: <<http://aramel.free.fr/INSECTES44.shtml>>
 Mulime: <<http://namemoria.ribadeo.org/traballo/cargando-estruame>>
 Mulo burreño: <http://gl.wikipedia.org/wiki/Burre%C3%B1o#mediaviewer/Ficheiro:Old_hinny_in_Oklahoma.jpg>
 Natura: <<https://www.flickr.com/photos/64081615@N06/5841990799/>>
 Pa: elaborada polos propios autores
 Padrear: <<http://www.caballosalud.com/articulos.php?id=11>>
 Palmés: <http://www.mascalcia.net/articoli/a2003_54bis2.htm>
 Patacas: <<http://2.bp.blogspot.com/-p8GarrXasAU/TfDvap5BY0I/AAAAAAAAAw2U/e1Fd34i4XkI/s1600/P1160047.JPG>>
 Pedrés: <<http://clapiraly.blogspot.com.es/>>
 Pedrés picazo: <http://1.bp.blogspot.com/_PP5zwpCKHc/SBz3pAWqRQI/AAAAAAAAABAE/DFrX9l8q02c/s400/tordopicazo2.jpg>
 Péga: <<http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2013/06/11/ganaderos-ultima-oportunidad-recibir-ayudas/826690.html>>
 Pexa 2: <http://www.farodevigo.es/servicios/lupa/lupa.jsp?pIdFoto=2045828&pRef=2010072400_3_458594__Comarcas-Nuevo-caso-maltrato-caballos-Gondomar>
 Pexadoiro: <<http://www.escoladocavalo.com.br/2012/04/defeitos-de-aprumos-como-diagnosticar/>>
 Picón: <<http://www.odontoequinos.com/maloclusiones>>
 Pollo: <<http://elbibliote.com/resources/animales/verficha.php?id=469>>
 Queixadelo: <<http://www.equipassio.com/shop/es/complementos/2804-protector-de-barbada-caballo-cso-gel-3338025470834.html>>
 Quinceno: <http://mendikozaldia.blogspot.com.es/2012_09_11_archive.html>
 Quitas: <http://www.harashorset.com/faire_naitre.html>
 Rabo de arrieiro: <<http://www.actiweb.es/caballocriollo/pelajes.html>>
 Rapa 1: <<http://unpaseounafoto.blogspot.com.es/2011/07/rapa-das-bestas-de-candaoso.html>>
 Rapa 2: <<http://unpaseounafoto.blogspot.com.es/2011/07/rapa-das-bestas-de-candaoso.html>>
 Remasón: <http://feagas.com/index.php?option=com_content&view=article&id=21019:festival1&catid=54:equino-caballar-feagas>
 Remollo: <<http://es.wikipedia.org/wiki/Ubre#mediaviewer/Archivo:Pferdeuter.JPG>>
 Reseña 2: <<http://www.sirequi.org/public/bidi.aspx?n=724908000055137&c=10010000724080880027417&r=ES470850000033>>
 Rodapío: <<http://www.culturaecuestre.com/wp-content/uploads/2013/02/Espiga.jpg>>
 Roleteiro: <<http://nebra-nebra.blogspot.com.es/2009/02/paso-canadense-renovado.html>>
 Roncollo: <<http://agarrea.blogspot.com.es/2010/06/tximista-era-monorquido.html>>
 Rubio: <<http://caballos-del-sur.blogspot.com.es/p/colores-de-los-caballos.html>>
 Ruzo: elaborada polos propios autores
 Sanguiño: <<http://img.noticaballos.com/wp-content/uploads/2011/06/Horse.png>>
 Seda: <http://www.granaxaxigueira.com/index_archivos/autoctonas.htm>
 Serrón: <<http://www.anda.jor.br/11/11/2009/usuarios-do-facebook-buscaram-ajuda-para-resgate-de-cavalo-negligenciado>>
 Silva: <<http://pasionporcaballoss.blogspot.com.es/2012/02/marcas-en-el-pelaje.html>>
 Sisga: <<https://www.yumping.com/rutas-a-caballo/finca-estrella--e19627441>>
 Tapado: <http://cabaloprg.blogspot.com.es/2013_09_01_archive.html>

Torno: <<http://quepasanacosta.gal/wp-content/uploads/2013/01/Imaxe-do-Cepo-dun-cabalon-muradan-Foto-Jose-Ramon-MUino.jpg>>
Tramoncado: <<http://www.bloggergifs.com/2015/04/coleccion-caballos-finos-percherones-pura-sangre.html>>
Trinteno: <http://cabaloprg.blogspot.com.es/2013_09_01_archive.html>
Tupino: <<http://www.eki.es/blog/qu-es-el-herrado-correctivo-63/>>
Vaso: <<http://petremedycharts.blogspot.com.es/2011/01/laminitis-in-horses.html>>
Ventás: elaborada polos propios autores
Xema: <<http://cavalos.mundoentrepatas.com/imagenes/cavalo-garrano.jpg?phpMyAdmin=PfqG0iessiXP%2C5Zcan9pxZp0nv2>>
Zopo: <<http://www.jcfarrier.com/casos-practicos/7-retraccion-del-tendon-flexor-profundo/>>